

Páxinas Informativas do Museo do Pobo Galego



Museo do Pobo Galego • San Domingos de Bonaval • 15703 Santiago de Compostela
tel. 981 583 620 • fax 981 554 840 • www.museodopobo.es • correo electrónico: info@museodopobo.com

Dirección: Carlos García Martínez ■ Secretaría: María-Xosé Fernández Cerviño

Redacción: David Conde Lourido, Ana Estévez Lavandeira, Rosa Méndez García, Belén Sáenz-Chas Díaz

Administración: Xulia Vázquez Randulfe

xuño 3/2010

Celebráronse as asembleas dos Socios e do Padroado do Museo

O 8 de maio celebrouse a asemblea anual de Socios, no transcurso da cal impúxose-lle a insignia de prata do Museo aos socios con vinte e cinco anos de antigüidade. Recibiron persoalmente a insignia El Correo Gallego, representado polo presidente do seu Consello de Administración, Antonio Castro García; Xosé M. Cambeiro, J.J. Folgar Pomar, Xosé López Silva, Antonio Busto Salgado, Elena Varela, Alfonso García Boado, M^a Ángeles Penas Truque e Marisa Fernández Val.

Entre os asuntos tratados, acordouse que, no sucesivo, as comunicacións se envíen, na medida do posible, por correo electrónico, para minimizar o consumo de papel, os custes de envío e o traballo administrativo.

Fíxose constar en acta o agradecemento ao Concello de Burela, a Confraría de Pescadores e o grupo de xubilados do mar "A Moncloa", pola doazón dunha reprodución dunha vara boniteira, entregada ao Museo o



A delegación burelá na sala do Mar, no acto de entrega da reprodución da vara boniteira. Foto: Marta Fdez. Canosa

17 de abril. Así mesmo, expresouse o recoñecemento ao socio Eduardo Beiras García-Martí pola súa xenerosa e sostida contribución para a renovación do equipamento informático da Biblioteca.

En representación da Oficina dos Socios, Eduardo Otero informou da preparación dun novo número da revista *ADRA*, que se espera saia en setembro e será, de novo, presentado fóra do Museo.

Estefanía Lodeiro fixo entrega de dous exemplares do libro *As de Morgan*, recompilación de cantigas en homenaxe

a Xosé Lois Mendes Martís, *Morgan*, que hai un ano participou nesta xornada de reunión dos socios e faleceu recentemente. O produto da venda do libro, ilustrado con fotos de Tino Viz, irá destinado a crear un fondo de instrumentos musicais tradicionais para aprendizaxe.

Finalmente, fíxose constar a felicitación ao socio Xoán Ramón Marín polo premio Losada Diéguez concedido ao libro *Os instrumentos musicais na tradición galega*, obra de Pablo Carpintero na que Ramón Marín colabora como ilustrador.

AS DE
MORGAN



COMPOSTELA
2010

Acordos do Padroado

Na asemblea do 29 de maio tomaron posesión as novas patroas numerarias, Fátima Braña Rei, Rosa M^a Méndez García e Mercedes Rozas Caeiro.

Entre outros asuntos, tratouse da situación do Panteón de Galegos ilustres, que permanece pechado desde que, o 11 de maio, o Arcebispo reclamou as chaves ao Concello compostelán. Este é un problema que preocupou dende hai anos ao Padroado e sobre o que tivo ocasión de manifestar a súa opinión no Parlamento de Galicia o 20 de abril de 2006, dicindo que era “preciso desbloquear a situación do Panteón de Galegos Ilustres para dignificalo e dotalo duns contidos acordos co seu nome”, e que, na nosa opinión, “o Parlamento de Galicia sería o órgano axeitado para, de acordo coas outras institucións implicadas, colocar o Panteón baixo a súa tutela”.

Renovando o acordo do 20 de decembro de 2008 acordando iniciar “sondeos escalonados co Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega e os padroados e fundacións relacionadas co Panteón sobre a conveniencia de realizar



Panteón de Galegos Ilustres

dende a sociedade civil unha acción pública concertada que presione a prol de desatascar este asunto definitivamente”, o Padroado resolveu dirixirse por escrito ao Presidente da Real Academia Galega e mais ao presidente do Consello da Cultura Galega propoñendo unha primeira reu-

nión entre as tres entidades para sopesar a conveniencia dunha acción concertada e, no seu caso, elaborar unha proposta, deseñar un programa de xestións e accións e incorporar as demais asociacións que teñen relación co Panteón e coa igrexa de San Domingos.

ACTIVIDADES DO MUSEO

EXPOSICIÓNS

■ *Estopa e pano sedán* *A colección de traxes galegos de Piluca Montenegro*

Ata o 28 de xullo



Foto: Margen


Hai cincuenta anos, a partir dalgúns elementos do legado familiar, Piluca Montenegro iniciou un labor de recuperación que conduciu, co paso do tempo, á formación dunha colección seguramente única en Galicia pola súa amplitude e variedade e, sobre todo, pola vontade de transmitir ese rico patrimonio a través do seu uso.

Esta mostra pretende presentar ese valioso labor xunto co rico patrimonio constituído en tantos anos de recuperación, traballo e difusión. A exposición é tanto unha celebración do traxe tradicional como unha homenaxe de recoñecemento á indutora, factora e alma da colección.

PUBLICACIÓNS

Vinculada coa exposición que vimos de mencionar está a edición do libro *Estopa e pano sedán*. Xunto cun texto de Piluca Montenegro, creadora e propietaria da colección, inclúe colaboracións de Fátima Braña Rey e Clodio González Pérez, membros do Padroado do Museo.

Os socios do Museo poden adquirir a publicación cun 40% de desconto sobre o prezo de venda ao público, que é de 6,30 euros.



BIBLIOTECA

OS SOCIOS E PATRÓNS ESCRIBEN

Agradecemos aos socios e patróns que a seguir se relacionan a súa contribución ao enriquecemento dos fondos da nosa Biblioteca:

BERAMENDI, J. [et al.] *Uxío Novoneyra: homenaxe*. Santiago, 1999.

BEY, H. e RABUÑAL, A. *Alén do turismo: a viaxe intencional*. Compostela, 2009.

CALO LOURIDO, F. *Os Celtas: unha (re)visión dende Galicia*. Vigo, 2010.

CANO, G. e RABUÑAL, A. *Barcelona murs*. Barcelona, 1991.

CERRATO COVALEDA, A.C. e CERRATO ALVAREZ, A. *Darwin, a paixón de pensar*. Vigo, 2010.

ESTÉVEZ FERNÁNDEZ, X. Vinte e cinco anos polo medio. En DÍAZ, C. (coord.) *Autonomía e Modernidade en Galicia*. Vigo, 2010.

FÁBREGAS VALCARCE, R., BONILLA RODRÍGUEZ, A. e CÉSAR VILA, M. *Monte dos Remedios (Moaña, Pontevedra): un asentamiento de la prehistoria reciente*. Santiago, 2007.

GONZÁLEZ PÉREZ, C. Noia: Porto de Santiago e Camiño de Compostela, en *Alameda*, nº 36, Noia, 2010.

— Os cruceiros de capeliña: advocación, antigüidade e área xeográfica, en *Actas do I Congreso galego sobre "cruceiros e cruces de pedra"*. Poio, 2009.



MARIÑO FERRO, X.R. e GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. *Diccionario de etnografía e antropoloxía de Galiza*. Vigo, 2010.

MEDEIROS, A. Fronteira e representacións da Morte no Noroeste Ibérico. En *Memórias nº 11: Memória e Artificio*. Lisboa, 2009.

MORGAGE MARTÍNEZ, X.C. *A festa dos maíos en Pontevedra*. Pontevedra, 2009.

— A cultura de Mourente: 50 anos dun proxecto, máis dun século dunha idea. En

Sociedade Cultural e Deportiva de Mourente. 50 Aniversario. Pontevedra, 2009.

SEIXAS, M.A. [et al.] *Unha mirada de antano: fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia*. A Coruña, 2010.

PÉREZ MARTÍNEZ, J. *Antiga dorna polbeira de Castiñeiras*. Ribeira, 2009.

VILAR ÁLVAREZ, M. *El camino al fin de la Tierra*. A Coruña, 2010.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACCIÓN CULTURAL

Como cada verán, o DEAC ten programadas unha serie de actividades para o mes de xullo.

O día 7 haberá unha nova sesión de **Xogos bailados**, para participantes entre 4 e 7 anos.

Para o grupo de idade de 8 a 13 anos, os días 13, 14 e 15 organízase un **obradoiro de arqueoloxía**.

As prazas son limitadas. Para información e reservas, tomar contacto co DEAC no teléfono 981 583620 ou no correo electrónico deac@museodopobo.com



PROXECTO DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS

7ª edición 2010-2011

NOTICIAS CON NOME PROPIO

PREMIOS

O patrón **Xosé Ramón Barreiro Fernández** foi distinguido pola Fundación Otero Pedrayo co premio Trasalba 2010. A entrega do premio tivo lugar no acto que tradicionalmente se celebra no pazo de Trasalba o último domingo de xuño.

Presidente da Real Academia Galega entre 2001 e 2010, Barreiro Fernández é membro do Padroado do Museo do Pobo Galego desde 2004. Doutor en Dereito canónico e Filosofía e Letras, foi catedrático de Historia contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela e autor dunha nutrida bibliografía, é, por dereito propio, unha figura sobranceira da historiografía galega. A valoración que a Fundación que outorga o premio fai da figura de Barreiro Fernández “ten que ver coa súa traxectoria ao servizo da cultura galega, na liña histórica que representa a memoria de Otero Pedrayo e a Xeración Nós, atendendo aos seus méritos como intelectual galeguista e, moi principalmente, como renovador da historiografía galega”.

O colectivo do Museo do Pobo Galego congratúlase por este merecido recoñecemento.

Reuniuse o 18 de maio de 2010, Día Internacional dos Museos, o Xurado da sétima convocatoria do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas, baixo a presidencia de Xosé Manuel González Reboredo, cos vocais Francisco López Rodríguez, Director Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, pola Consellería de Cultura e Turismo, María Xosé Fernández Cerviño, subdirectora do Museo do Pobo Galego, Mar Llinares García en representación da Fundación Caixanova, Clodio González Pérez, a e actuando como Secretario, con voz pero sen voto, Francisco J. Sanjiao Otero.

Presentáronse nesta convocatoria tres proxectos na modalidade de ensino primario, e sete na de ensino secundario. Tras o seu exame, o Xurado acordou, por unanimidade:

Premiar na modalidade de ensino primario o proxecto **“A imaxinación no peto” do CEIP GÁNDARA (SOFÁN – Carballo)**, valorando o seu deseño pedagóxico e a novidade do seu contido. Acórdase transmitirle a necesidade de concretar co Departamento de Edu-

cación e Acción Cultural do MPG algúns aspectos do deseño do proxecto.

Conceder o premio na modalidade de ensino secundario ao traballo **“A evolución da agricultura e a súa incidencia no patrimonio inmaterial do Concello de Trazo”, do CPI VIAÑO PEQUENO (TRAZO)**, valorando a orixinalidade do tema de estudo, a precisión do ámbito espacial e temático, e a compoñente pedagóxica dun proxecto que ten o interese de implicar no coñecemento e promoción do patrimonio cultural agrario da zona a estudantes que viven nunha área rural, pero influída polo universo urbano-tecnolóxico.

Acordouse tamén comunicarlle ao IES TABOADA CHIVITE de Verín que o xurado considera de grande interese o aspecto referido aos balnearios, animándoos a que en futuras edicións presenten unha proposta centrada neste campo así como a posibilidade de establecer contactos con centros da veciña Chaves a efectos de realizar proxectos conxuntos no tema dos balnearios.

OUTRAS ACTIVIDADES

13, 23 e 28 de xullo: **Concertos express**, dentro do programa do II Festival *Via Stellae*. Patrocina: Xunta de Galicia–Xacobeo 2010
http://www.viastellae.es/concertos_express.asp?sec=express

RECORDATORIO: LISTA DE DISTRIBUCIÓN

Unha vez máis, e agora **en cumprimento do acordo da Asemblea de Socios** que queda referido máis arriba, reiteramos a **petición a quen dispoñan de correo electrónico de se inscribiren na lista de distribución de comunicacións**, enviando o enderezo de contacto á Administración, **info@museodopobo.com**

O propósito desta petición é triplo: manter unha relación asidua co colectivo de Socios, difundindo por este medio unha información máis ampla e puntual, economizar no uso de papel e custes de expedición, e simplificar o traballo administrativo.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do establecido na L.O. 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, comunicamos que os datos que se nos faciliten serán incorporados e tratados de forma confidencial no ficheiro de titularidade do Padroado do Museo do Pobo Galego, denominado SOCIOS, coa finalidade de xestión de doazóns e de remitir información sobre as actividades do Museo. Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición dos seus datos de carácter persoal, os interesados deberán dirixirse á administración do Museo, San Domingos de Bonaval, 15703 Santiago de Compostela.